

A LINGUÍSTICA EM DIÁLOGO

VOLUME
COMEMORATIVO
DOS 40 ANOS
DO CENTRO
DE LINGUÍSTICA
DA UNIVERSIDADE
DO PORTO

COMISSÃO ORGANIZADORA

João Veloso

Joana Guimarães

Purificação Silvano

Rui Sousa-Silva

40

anos



TÍTULO	A Linguística em diálogo Volume comemorativo dos 40 anos do Centro de Linguística da Universidade do Porto
COORDENAÇÃO	João Veloso Joana Guimarães Purificação Silvano Rui Sousa-Silva
EDITOR	Centro de Linguística da Universidade do Porto
ANO DE EDIÇÃO	2018
CONCEÇÃO GRÁFICA	Invulgar - Artes Gráficas, S.A.
TIRAGEM	200 exemplares
ISBN	978-989-54104-3-9
DEPÓSITO LEGAL	443246/18

A publicação deste volume contou com o apoio financeiro da Fundação para a Ciência e a Tecnologia, através do financiamento atribuído ao Centro de Linguística da Universidade do Porto ao abrigo do Fundo de Reestruturação de Unidades 2016 - Ref^a UID/LIN/0022/2016.

A VARIEDADE GALEGA DA TERRA DE VIANA DO BOLO (OURENSE) E AS SÚAS AFINIDADES CO PORTUGUÉS*¹

Concepción Álvarez Pousa

alvarezpousa@yahoo.es

Instituto da Lingua Galega (España)

RESUMO. Este artigo ten como alicerce unha comunicación ofrecida no *Colóquio Comemorativo dos 40 anos do CLUP*, que tratou de dar a coñecer a variedade lingüística galega da Terra de Viana do Bolo, no sueste da provincia de Ourense, e as súas similitudes co portugués. Os obxectivos deste traballo son perfilar esta zona oriental galega e achegarse á dialectoloxía galega a través dunha das súas mostras, a variedade galego-oriental da Terra de Viana do Bolo, mediante a caracterización lingüística en eidos como a fonética, a morfosintaxe e o léxico e cunha mostra dun etnotexto representativo. Tamén se fará referencia ao fenómeno do cambio lingüístico e á súa repercusión no mantemento da variedade. Asemade, resultarán de relevancia as consideracións arredor do galego e do portugués realizadas por diferentes autores e as similitudes lingüísticas da variedade vianesa co portugués

¹ Quero manifestar o meu agradecemento aos responsables do CLUP por convidárenme a participar no Colóquio conmemorativo dos seus 40 anos e tamén a impartir unha conferencia para dar a coñecer o galego oriental e a variedade vianesa, que tivo lugar en novembro de 2016 na Facultade de Letras da Universidade do Porto. Tamén quero agradecer a atención recibida ao longo do meu período da estadia de doutoramento no 2016 no Arquivo Dialectal, especialmente ao meu orientador João Veloso pola súa axuda e amabilidade e por permitir que me puxera en contacto directo coa dialectoloxía portuguesa, de tanto interese para min.

Asemade, o meu fondo agradecemento para os moitos informantes do Concello de Viana do Bolo (Ourense) que desde hai anos, pacientemente, levan colaborado na miña investigación e que son parte fundamental deste traballo.

padrón en ámbitos como a fonética e a morfosintaxe, principalmente.

Canto aos resultados finais, salientase que, en xeral, esta variedade, ademais dos trazos xerais do galego oriental, conta con outras particularidades, e que varios dos seus riscos son compartidos co galego zamorano e tamén co portugués.

PALABRAS CHAVE: galego oriental, vianés, galego zamorano, descrición lingüística, galego e portugués.

ABSTRACT. This article has as its foundation a lecture offered in the *Colóquio Comemorativo dos 40 anos do CLUP*, which tried to promote the linguistic variety of the Galician Land of Viana do Bolo, on the southeast of the province of Ourense, and its similarities with Portuguese. The aims of this work are, first, to outline this eastern region and approach Galician dialectology through one of its samples, the eastern Galician variety in the Land of Viana do Bolo by describing linguistic fields such as phonetics, morphosyntax and lexicon and a representative sample of its ethno-texts. There will also be a reference to the phenomenon of linguistic change and of its impact on the preservation of this variety. Considerations around the Galician and Portuguese by different authors will also be shown as well as linguistic similarities between the Galician variety from Viana and standard Portuguese mainly in areas such as phonetics and morphosyntax.

As for the final results, it will be pointed out that, in general, this variety, in addition to the general characteristics of Eastern Galician, has other peculiarities, and that several of its dialectal features are shared with the variety of Galician from Zamora and also with Portuguese.

KEYWORDS: eastern Galician variety, Galician variety from Viana, Galician variety from Zamora, linguistic description, Galician and Portuguese.

1 – Introducción

O principal estudoso da variedade lingüística vianesa foi Laureano Prieto (1907-1977), mestre e etnógrafo², que sentou de xeito amplo as bases polas que hoxe eu camiño e que me permitirán falar da vitalidade da lingua documentada por el hai máis de medio século e tamén facer un estudo

² Laureano Prieto escribe os *Contos Vianeses* (1958), un conxunto de mostras de variada temática. A obra resulta de moita importancia, xa que amais de estar escrita na variedade vianesa nela realiza unha descrición detallada das Terras de Viana, as súas xentes e a súa fala.

A figura de Laureano Prieto trátoa nun traballo de recente publicación (Álvarez Pousa 2018), no que afondo no seu perfil polifacético e na súa traxectoria investigadora.

comparativo no tocante á caracterización que realizou.

A miña investigación céntrase no eido da lingüística galega, concretamente na liña da variación e no estudo da variedade galega da Terra de Viana do Bolo (Ourense), que se encadra no galego oriental, área oriental-central e microsubárea O Bolo-Viana da clasificación de Fernández Rei (1990: 108). Reflicte a continuidade dun Traballo de Investigación Tutelado (TIT), que presentei na Universidade de Vigo co que iniciaba as miñas contribucións ao tratamento desta variedade oriental ourensá.

Os obxectivos desta investigación son o afán por perfilar a caracterización do vianés dentro do galego oriental, a través da mostra de tres xeracións de falantes (baixa, media e alta), que me permitirán analizar polo miúdo os trazos propios e tamén observar o cambio lingüístico e as similitudes con outras variedades próximas.

No tocante á metodoloxía baséome na recolleita de gravacións orais de tres fontes diferentes, o material do Arquivo do Galego Oral (AGO) do Instituto da Lingua Galega (<http://www.ilg.usc.gal/ago>), o citado TIT (Álvarez Pousa 2007) e o material actual da investigación da tese de doutoramento (ITD) que estou a realizar na Universidade de Santiago de Compostela. Verbo da metodoloxía, logo da selección do material procedo á transcripción semifonolóxica deste, e os resultados que obteño dinme que, en xeral, os textos presentan as particularidades do galego oriental xa documentados, agás algúns pequenos matices, e que varios destes trazos son compartidos coa área galegófona zamorana e tamén co portugués padrón.

A Terra de Viana do Bolo, a súa variedade lingüística e as similitudes co portugués son os eixos fundamentais deste traballo.

2 – A comarca ourensá de Viana no territorio sudoriental galego. A Terra de Viana do Bolo (Ourense)

A comarca de Viana, cuxa capital é Viana do Bolo, está situada no sueste da provincia de Ourense e está formada polos concellos da Gudiña, A Mezquita, Viana do Bolo e Vilariño de Conso, tal e como se pode apreciar na figura 1. Limita ao norte coas terras ourensás de Trives e Valdeorras,

ao leste coa comarca zamorana de Seabra, ao sur co distrito portugués de Bragança e ao oeste coa Terra de Verín.

Concretamente, o concello de Viana do Bolo limita polo norte cos do Bolo e A Veiga, polo oeste con Vilariño de Conso, polo sur coa Gudiña e A Mezquita e polo leste co concello zamorano de Porto. É o segundo municipio ourensán máis extenso, con 270,4 km², tras o municipio veciño da Veiga, con 290,5 km². Conta con 3.040 hab. (IGE, 2016) distribuídos en 35 parroquias, nun total de 52 aldeas.

O concello de Viana é na actualidade unha zona que presenta unha economía centrada principalmente na gandería e na agricultura. Cunha taxa de despoboación importante en diversas aldeas, a vila emerxe coas principais actividades arredor do sector terciario dos servizos, seguido do sector secundario da industria e a construción, e por último o sector primario da agricultura. A comercialización da castaña constitúe un factor importante para o pulo da zona. Así mesmo, resultou de especial importancia a minería, como é a mostra das Médulas na parroquia de Caldesiños, antiga explotación aurífera.

Alén diso, cómpre salientar que foi berce de personaxes ilustres coma o xuíz Nicolás Tenorio, o etnógrafo Laureano Prieto ou a xeógrafa Charo Castells, que realizaron cadanseus traballos de relevancia sobre a zona.

No eido da cultura resulta de interese o Entroido, que ten no *boteiro* a súa figura representativa. A súa máscara garda certa similitude coas de Vinhais, en Trás-os-Montes, na denominada *Festa dos rapazes* do Nadal.



FIGURA 1 – A comarca de Viana (Ourense)

Fonte: elaboración propia

3 – A dialectoloxía galega

Centrándose no principal estudo realizado sobre o galego oral cómpre facer referencia ao manual *Dialectoloxía da lingua galega*, de Fernández Rei (1990), que, co material fonético e morfolóxico do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, fai unha completa caracterización de todos os falares do dominio galego. Establece unha división dialectal en tres bloques dialectais (ou macroáreas), tendo en conta a isoglosa do plural das formas rematadas en *-n* (*pantalón*), que dá os resultados de *pantalóns* no bloque occidental, *pantalós* no central e *pantalois* no oriental.

No tocante á extensión do territorio, o bloque occidental comprende o occidente das provincias da Coruña e Pontevedra; o bloque central boa

parte das provincias de Lugo e Ourense e a franxa interior das da Coruña e Pontevedra e o bloque oriental o leste das provincias de Lugo e Ourense e as zonas galegofalantes de Asturias, León e Zamora.

No interior dos tres bloques establece áreas lingüísticas, de desigual extensión xeográfica e desigual unidade, que delimita con isoglosas de fenómenos propios de falas desas áreas, onde tamén marca a existencia de subáreas, mesmo de microsubáreas (Fernández Rei 1990: 106 ss). Mostras representativas da totalidade das áreas e subáreas do dominio galego poden verse no audio-libro de Fernández Rei *et al.* (2003).

4 – A variedade galego-oriental da Terra de Viana do Bolo

No tocante ao galego oral do Concello de Viana do Bolo, este encádrase dentro do bloque lingüístico oriental. Fundamentalmente, a partir de exemplos de tres mostras orais de diferentes xeracións perfilo as características dialectais no eido da fonética, a morfosintaxe e o léxico. Deste xeito, a análise dos exemplos correspondentes a esas tres mostras, xunto con outros fornecidos por moi diversos etnotextos que recollín e en parte transcribín, permitirán facer algunhas consideracións sobre o cambio lingüístico e delimitar a variedade vianesa dun xeito amplo.

Atendendo á distribución realizada por Fernández Rei (1990), esta variedade inclúese na área oriental-central (M) do bloque oriental. Os trazos caracterizadores das falas do galego oriental son os seguintes: uso dos ditongos *ua* (*cuatro*, *guardar*), *oi* (*moito*, *coiro*) e *ui* (*muíto*, *truíta*, *escuíta*) ou ausencia de ditongo (*muto* / *mutio*, *truta* / *trutia*, *escuta* / *escutia*); formas con *-aix-* (*baixo*, *caixa*) fronte a *-ax-* (*baxo*, *caxa*) do centro-norte do galego oriental; terminación *-ín* (*camín*, *padrín*), excepto na zona sur (*camiño*, *padriño*); plural *-is* (*cais*, *ladrois*; sg. *can*, *ladrón*) e plural *-is* (*animais*, *caracois*; sg. *animal*, *caracol*), excepto na área asturiana, que mantén o *-l-*; pretéritos *cantein* e *cantén*, futuros *cantarein* e *cantarén* e SNP *-is* na P5 dos tempos verbais (agás no pretérito): *cantais*, *cantabais*, *canteis*...

Ademais, a variedade vianesa insírese na subárea Valdeorras-Viana (M-2) coa terminación *-iño* (*camiño*, *padriño*) e a solución pronominal *llo* (galego común *llelo*) e na microsubárea O Bolo-Viana (M-2b) con *muto*, tal e como se reflicte na figura 2.




FIGURA 2 – Bloques, áreas, subáreas e microsubáreas da lingua galega

Fonte: *Dialectoloxía da lingua galega* (Fernández Rei 1990: 108)

5 – Caracterización lingüística da variedade vianesa

5.1 – Fonética³

Como riscos xerais destacan os seguintes: no vocalismo tónico a realización pechada etimolóxica do timbre nos pronomes persoais *nós* e *vós*, trazo común no galego da área zamorana; e no vocalismo átono a palatalización de *a* en formas como *ásí* ou *äixada*, fenómeno característico tamén do galego zamorano de Porto e Hermisende. Reflictese a alternancia dos ditongos *oi* e *ou* en *noite* / *noute*, característica común en formas do galego zamorano⁴. Destaca a presenza do ditongo *ui* ou a súa ausencia en *cuitelo*, *escuita*, *muíto* fronte a *cutelo*, *escuta*, *muto*⁵ / *mutio* e nas voces *enxuíto*, *fruíta*, *truíta* fronte a *enxuto*, *fruta* e *truta* / *trutia*. Outro risco é a epéntese do *i* en formas verbais como *salio* ou *valio*; o mantemento dos grupos *cua-* e *gua-* en *cundo*, *cuatro*, *guardar* e a terminación *u* en ditongo nos substantivos rematados en *-o*⁶: *friu*, *riu*, *tiu*. Creación do ditongo *au* nos substantivos, adxectivos e participios en *-ado*⁷: *ganau*; *enfadau* e *mallau* (en formas perifrásticas como *daban mallau*), respectivamente.

Verbo do consonantismo, os textos orais non presentan a gheada e o seseo, os fenómenos máis característicos da dialectoloxía galega e importantes marcadores sociolingüísticos. Fernández Rei (1990: 173-175) refire que nos puntos do galego oriental investigados para o *ALGa* non se rexistrou gheada e que no galego das comarcas que estreman con Galicia só se ten sinalado a existencia deste innovador fenómeno fonético nos Ancares de León, co que se anchea polo oriente a lagoa do Cebreiro. No referente a este trazo, destaca Freixeiro Mato (2006: 156):

³ A descrición lingüística da variedade vianesa é tratada de xeito amplo nos diferentes planos noutro traballo da miña autoría (Álvarez Pousa 2017 a).

⁴ Santos (1967: 190) tamén recolle esta alternancia *oi* / *ou* no tocante ás variedades de Trás-os-Montes, mais comenta que na fronteira tende a ser substituído por [õu].

⁵ Nalgúns puntos tratados por Santos (1967: 241) tamén se reflicte esta alternancia *muto* / *muíto*.

⁶ Esporadicamente rexístranse voces en *-o* coma *río*. Con todo, o frecuente na fala é a pechazón da vogal, esta alternancia tamén é característica apuntada por Santos (1967: 191) nos falares fronteirizos.

⁷ No caso dos participios é máis vital na variedade vianesa o uso en *-ado*: *Daban chegado*.

Resulta xa un lugar común afirmarmos que a zona máis castelanizada de Galiza é a costeira e a menos o interior das provincias de Lugo e Ourense, onde hoxe fica moi pouco da gheada, pois parece lóxico pensar que, perante unha reacción xeral contraria ao fenómeno, este é moito máis fácil de erradicar alí onde a súa implantación foi menor. Por iso hoxe a gheada pervive nas provincias da Coruña e Pontevedra e está en total recuamento nas de Lugo e Ourense [...]

No tocante ás alteracións do *s* implosivo, o fenómeno máis común na fala é o rotacismo, risco dialectal moi habitual nas diferentes xeracións de falantes. Pódense atopar nos textos orais as seguintes mostras: con consoantes sonoras ante dental en *or demais*, ante nasal en *mirmo*, ante lateral en *or lunes* e ante consoante xorda fricativa en *ar fontes*. Na xeración de falantes media (30-60 anos) rexístrase ocasionalmente aspiración do *s* implosivo en formas como *despoigh* e *dough*, en posición final de palabra, e tamén no interior como en *mághcara*. É común, ademais, a realización interdental da primeira consoante do grupo culto *-ct-* en *diztadura*, *exaztamente*, *intazta*, *produzto*s. Reflictese a caída do *-d* final en formas como *Madrí* ou realización como interdental en *Madriz* e a caída da interdental final en *rapá*, *ve*, que alterna co seu uso en *rapaz*, *vez*. Este non é un fenómeno sistemático, como non o é noutras variedades ourensás en que se rexistra.

A conxunción *e* en contacto con vogal pasa a ser asilábica (*i-outro*, *i-eu*, *i-antes*), trazo que o vianés comparte con moitas falas centro-orientais do dominio lingüístico galego.

5.2 – Morfosintaxe

Coméntanse neste apartado as características máis importantes da variedade vianesa, algunhas delas comúns a moitas falas do bloque oriental.

Verbo do número, nas palabras agudas rematas en *-l* existen dúas solucións, *-les* e *-is*, sendo maioritaria a forma primeira: sg. en *-al*: *animales* / *animais*; sg. en *-el*: *papeles* / *papeis*; sg. en *-il*: *funiles* / *funís*; sg. en *-ol*: *caracoles* / *caracois*; sg. en *-ul*: *baúles* / *baúis*. No plural das formas en *-n*, a solución é a propia do bloque oriental, polo que a formación é a seguinte: sg. en *-an*: *alemais*, *cais*; sg. en *-en*: *treis*; sg. en *-in*: *choupís*;

sg. en *-on*: *fullois*; sg. en *-un*: *comuis*⁸. Como resultado das terminacións latinas *-ANUM*, *-ANAM* a solución é a de *mao-maos*, *vrao-vraos* e *irmá-irmás*, *mazá-mazás*, respectivamente. No caso das formas rematadas en *-INUM* a solución é *-iño*, *veciño* ou *camiño* e non *-in* propia doutras falas orientais. A terminación *-TATEM* ofrece como resultados *-ai* e *-á*: *mitai*, *ver dai* (pl. *verdais*, *mitais*), que alternan con *mitá*, *verdá*. Outras formas son *mocedá*, *casualidá*. Nos nomes rematados en *-TUTEM*, a solución nos textos vianeses resólvese coa redución vulgar: *juventú*, *virtú*.

O artigo indeterminado masculino *un*, no plural realízase coas variantes *unhos* / *unhes*, no feminino alternan as formas *unha* / *úa*⁹.

Nos pronome tónico de 2ª persoa o trazo común, propio do bloque oriental é *tu*, a modalidade de cortesía é *usté* por influxo do castelán, e *tiu* ou *señor*¹⁰. Prieto Rodríguez (1973: 6) destaca que nas terras do sur do partido xudicial de Viana se emprega *osté* e nas do norte, *vostede*. Atópanse nas mostras orais recolleitas por min exemplos coma os seguintes: *tiu Bernardino* ou *tía Carolina*. O seu uso é maior na xeración media e alta.

Nos pronomes átonos de obxecto directo de 3ª persoa aparece a forma *o* tras forma verbal rematada en ditongo no canto de en *no* do galego común: *deixouo*, *faias*, *foio*, *partiwo* e *pechoua*, solucións propias tamén do galego da área zamorana.

Nos indefinidos *algún*, *ningún* dáse a variante *algüis* / *algunhos*; *ningüis* / *ningunhos* (feminino *algunha* / *algúa*¹¹, *ningunha* / *ningúa*) e rexístrase ocasionalmente *ningüi*.

Destaca o uso dos radicais verbais do tipo *fizo* / *fixo*; *traguer* / *traer*; *faguer* / *facer* e o uso das formas temáticas *fais*¹², *pois*, *teis*, *veis* (*ver* e *vir*); que corresponden ás formas atemáticas *fas*, *pos*, *tes* e *ves* do galego común.

No ámbito da sintaxe, débese salientar a ausencia de artigo en

⁸ Ocasionalmente esta forma alterna coa estándar *comúns* na xeración baixa, principalmente.

⁹ Este fenómeno é común tamén no galego da área asturiana, en falas próximas con Galicia.

¹⁰ Santos recolle como forma de tratamento nos fálares fronteirizos a forma *senhor* (1967: 246).

¹¹ Santos recolle estes arcaísmos como vixentes en toda a fronteira (1967: 229) ao pé doutras formas como *nium*, *niña*, *niuns*, *niñas*.

¹² No traballo de Santos tamén se reflicte o uso das formas *fais*, *fai* e *faem* (1967: 235) nas variedades da fronteira, correspondentes á segunda, terceira e sexta persoas do presente de indicativo.

estruturas como *en casa*, *en cama* e a presenza do teísmo: *Non te direi muito máis* ou *Co veciño que te caía millor*. Este fenómeno rexístrase só na parroquia vianesa de Vilaseco da Serra, no límite coa provincia de Zamora. É tamén un risco común co galego zamorano da subárea da Mezquita-Lubián e que así mesmo se dá no extremo do Baixo Miño pontevedrés.

5.3 – Léxico

Non se vai afondar no apartado do léxico por cuestións de espazo, pero este resulta de vital importancia no estudo da variedade, xa que moitos dos termos recollidos no seu día por Laureano Prieto (1973) seguen vivos na actualidade¹³. Ao pé das diferentes desviacións léxicas que caracterizan calquera variedade galega, son de moita importancia os dialectalismos onde se rexistran formas como *bullote* para designar a *castaña*, *choupín* para nomear un tipo de *cogomelo*, *cireixal* para a árbore que dá como froito a *cireixa* ou *esquila* para o chocallo que porta o gando, xeralmente o vacún.

6 – O cambio lingüístico

A evolución da lingua e o coñecemento do estándar fan que nas xeracións máis baixas se perdan as formas orais máis tradicionais. Tal e como destaca Rodríguez Neira (1991: 185): “As xeracións xoves mostran menor tendencia a mante-la lingua dos seus pais ca estes a dos avós. Os procesos de cambio acentúanse na última xeración”. Non obstante, os cambios son naturais e non entorpecen o eido da comunicación, como refire Aitchison (1993: 248): “Que la lengua cambie continuamente es natural e inevitable, y se debe a una combinación de factores psicolingüísticos y sociolingüísticos”.

As principais marcas de mudanza lingüística danse polo coñecemento do estándar, maior afinidade cun determinado grupo de falantes ou ás veces, moda. Nos textos orais as principais pegadas do cambio reflíctense

¹³ Varias mostras deste léxico son compartidas, ademais, coa variedade de Trás-os-Montes recollida por Santos (1967).

en formas tradicionais propias da variedade vianesa, como *noute*, *ningúa*, *fizo* ou *traguer*, que empezan a ser desprazadas na xeración baixa (ata os 30 anos) polas voces estandarizadas *noite*, *ningunha*, *fixo* ou *traer*; e o mesmo acontece coa perda do teísmo e o uso de termos do galego común como *catro* ou *vez*. Canto ao léxico, na xeración baixa tamén van desaparecendo algúns termos como *quicho* (enfado) ou *papavello* (puré de castañas) ou conviven ambas as formas.

7 – Mostra da variedade vianesa

Como complemento da caracterización lingüística que se acaba de ver, inclúese un fragmento da transcripción semifonolóxica dunha mostra oral, pertencente a un informante da xeración media e que forma parte do corpus actual que recollín para a tese de doutoramento, mostra que se pode consultar no Arquivo do Galego Oral (<http://www.ilg.usc.gal/ago/>).

(2) Mostra oral 2, Investigación actual da Tese de Doutoramento,
USC (2015)

Informante (30-60): Home (33 anos), Quintela do Pando (Viana do Bolo)

O folión de Quintela do Pando

I. — Bièn, non sei, a ver o fulión estivo perdido digamos durante unhes anos, é decir, foi dos poucos puèblos que dicen que aguantou a Ditzadura, que aguantou a posguèrra e toda a historia, seguían tocando o fulión, è sin embargo despois cuando a xente, a malloría tuvèron que emigrar pa traballar e tod’a historia, pois claro, ô non haber xente perdeuse durante unhes anos, non sei os anos esaztamente que foron. Nós cuando eramos pequenos solo tocabamos cuando viña así algún veciño ... è pouco máis. Empezamos tocando con outros puèblos eu i-ò meu irmau e buèno ibamos por aí. Despois un ano pois, falamos ca xente e decidiuse volver a recuperalo como se..., como se facía antigamente.

Que pasa? Que... buèno cambiáronse cousas, por ekhèmple or boteiros que había eiquí, non èran exaztamente como son agora, èran máis bèn parecidos, digamos, a Vilar ou a Buxán.

E. — E como eran os de Vilar e Buxán?

I. — Pois o traxe blanco cas cintas de cores, o carapucho como se fora un cono, digamos, a máscara si qu'era de madeira, eso si que... Temos algunha por aí inda que se conserva porque era unha cousa un pouco familiar o tema, é dicir, non era “Temos unha careta do pueño”, nò. O que tiña cuartos, digamos, a casa que tiña pasta, qu'eran adineraus, eses tiñan unha máscara deles, guardábana eles e eles facían'o seu traxe. Cuando chegaba a época do Carnaval pois iban ô curral, quitábanll'as esquilas ár vacas, facían o cinto, facían o traxe no momento, non era un traxe que tuvèran feito... [...]

8 – Consideracións arredor do galego e do portugués

Froito do latín galaico xurdiron dous estándares románicos no occidente ibérico, o galego e o portugués, que van compartir unha fase común na Idade Media, período de relativa unidade lingüística ao norte e sur do río Miño, a vulgar polos textos notariais e literarios conservados. Berce desta relación intrínseca do galego e o portugués na etapa medieval, foron numerosas as consideracións realizadas por diversos estudosos ao longo dos tempos sobre a relación entre estas dúas linguas, mais por cuestións prácticas imos referirnos só a algunhas das que resultan fundamentais.

Tal e como recolle Cintra (1971: 2-3), Leite de Vasconcelos no *Mapa Dialectológico* (1893-1897) propón unha clasificación en grupos primarios, secundarios e terciarios aos que lles chama dialectos, subdialectos e variedades e distingue as seguintes: dialecto interamnense, dialecto trasmontano, dialecto beirão e o dialecto meridional. Alén disto, fala de *co-dialectos* coma o galego, o mirandés, o riodonorés e o quadramilés e enxalza o seguinte respecto do galego: “À Galiza pertence o *galego*, que não é mais que um dialecto português ou, se se quizer, um seu co-dialecto”.

E refire este mesmo autor que Vasconcelos na *Esquisse* (1901: 27-28) ofrece a similar clasificación en dialectos, onde estas últimas mostras mencionadas seguen consideradas como dialectos do portugués, pero xa non fala da existencia de variedades ou subdialectos. No referente aos codialectos do portugués manifesta o seguinte no apartado do galego:

Le galicien médiéval différerait très peu du portugais; il y a même des cas où il est difficile ou impossible, par le seul moyen de la graphie, d'établir des distinctions entre ces idiomes. –Le galicien traite les voyelles latines comme le portugais, et non pas comme l'espagnol: Ě, Ů, par exemple, restent *e*, *o*, au lieu de se diphtonguer en *ie*, *ue*, comme dans l'espagnol; l'-L- est traitée de la même façon dans le galicien et dans le portugais, c'est-à-dire qu'elle tombe, tandis que l'espagnol la conserve, par ex. galicien et portugais archaïque (encore populaire dans le *trasmontano*) *soa*, esp. *sola* < l. *sola* [...] (Vasconcelos 1970: 163).

Asemade, sostén Cintra (1971: 4) que nas alteracións que realiza Vasconcelos no mapa en 1929, no momento no que o reedita nos *Opúsculos* perfecciona o trazado das fronteiras dos catro dialectos principais, interamnense, trasmontano, beirão e meridional e dálle outro tratamento diferente ao galego ao que designara impropriamente como *co-dialecto*.

Alén disto, Santos (1967: 398) reflicte no seu estudo d'*Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes* a relación entre os diferentes dialectos deste xeito:

Desde há séculos devem pois ter vivido, nas conservadoras terras da raia trasmontana e nas vizinhas da Galiza e de Leão variedades dialectais com bastantes semelhanças, mas com algumas diferenças, cujo conjunto seria uma complexa zona de cruzamento de traços galego-portugueses e leoneses.

Cintra na “Nova proposta de classificação dos dialectos galego-portugueses” (1971: 8) distingue entre dialectos galegos, portugueses setentrionais e portugueses centromeridionais. No tocante aos falantes portugueses sostén que estes distinguen perfectamente se un falante é do norte ou do sur e tamén se é galego:

[...] De ambos distinguem ainda perfeitamente um Galego (que compreendem quando fala o seu dialecto, mas em cuja linguagem não vêem normalmente, a não ser que tenham certa cultura histórica ou linguística, uma variedade do português, apenas porque a consciência da separação política os impede de sentir «linguisticamente» da forma que seria a normal.

Nas liñas iniciais da súa *Dialectoloxía da lingua galega*, Fernández Rei (1990: 18) realiza estas consideracións verbo do galego e do portugués:

Na actualidade, desde o punto de vista estritamente lingüístico, ás dúas marxes do Miño fálase o mesmo idioma, pois os dialectos miñotos e trasmontanos son unha continuación dos falares galegos, cos que comparten trazos comúns que os diferencian dos do centro e sur de Portugal; pero no plano da lingua común, e desde unha perspectiva sociolingüística, hai no actual occidente peninsular dúas linguas modernas, con diferencias fonéticas, morfosintácticas e léxicas, que poden non impedir a intercomprensión ó existir un bilingüismo inherente entre o galego e o portugués, semellante ó existente entre o catalán e o occitano, o danés e o noruegués, o eslovaco e o checo, o feroés e o islandés.

Maia (2002: 28-29) fai referencia, así mesmo, a que son dúas linguas diferentes, pero tamén moi similares:

A atitude científica que asenta na análise estrutural do galego e do português só permite considerá-los como dúas linguas muito aparentadas, mas dúas linguas, contudo, diferentes: elas oferecem uma situação muito particular, pois se situam, uma relativamente à outra, exactamente no limite onde começa o bilinguismo, sendo possível, por esse motivo, em determinadas circunstâncias, a intercompreensão entre os respectivos falantes [...].

9 – Similitudes lingüísticas da variedade vianesa co português

Froito do emparentamento das dúas linguas na etapa de esplendor e da súa proximidade son varias as similitudes do galego co portugués. Raposo *et al.* (2013: 116) reflicte a seguinte información respecto dos dialectos fronteirizos:

A fronteira lingüística entre Portugal e Espanha, que na generalidade do territorio, coincide com a fronteira política, é interrompida em duas ou três pequenas áreas. A razão dessa não coincidência entre fronteira política e lingüística é a existência nessas áreas, de um e de outro lado da fronteira, e por razões históricas diversas, de

enclaves em que se falan dialetos portugueses (ou de origem galego-portuguesa antiga) em território politicamente espanhol e em que se fala, em território politicamente portuguê, uma língua (ou dialetos de uma língua) que não é portuguê [...].

Fernández Rei (1990: 24) manifesta que a totalidade das falas galegas e das portuguesas setentrionais presentan trazos comúns, especialmente na fonética (ditongos *ei*, *ou*; *ch* [tʃ] africado; inexistencia da labiodental sonora [v]) fronte aos falares centromeridionais portugueses (monotongación de *ei*, *ou*; *ch* [ʃ] desafricado; labiodental sonora [v]; e no relativo ao léxico, sostén que o portuguê do sur e do leste é innovador fronte ao conservadurismo léxico do noroeste e centro-norte. Así, rexístranse termos como *ordenhar* vs. *moger*, *mugir* e *amojar*; *borrego* vs. *cordeiro*, *anho* ou *maçaroca* vs. *espiga* (de millo), que corresponderían aos galegos *muxir*, *año* e *cordeiro*, *espiga* e *mazaroca*.

Deste xeito, a variedade vianesa presenta similitudes co portuguê padró n no eido da fonética a través de formas como *cuatro* e *quando* (port. *quatro* e *quando*); *muto* / *muíto* e *escutar* / *escuitar* (port. *muíto* e *escutar*); *luta* / *luita* (port. *luta*). No eido da morfosintaxe, a terminación *-ao* / *-á* en formas como *irmao* / *irmá* (port. *irmão* / *irmã*), os plurais en *-n* do tipo *cais* (port. *cães*), plurais en *-l* *animais* / *animales*, *papeis* / *papeles* (port. *animais*, *papéis*), o pronome persoal *tu* fronte a *ti* do galego común (port. *tu*), formas verbais en *-is* do SNP da 5ª persoa, *falais*, *vendeis*, *partís* fronte a *falais*, *vendeis*, *partís* do portuguê; ausencia do *-n* en formas da P1 do pretérito *fui* / *fuin* / *fun* (port. *fui*); uso de radicais arcaicos *ficen*, *ficera* alternando con *fixen*, *fixera* (port. *fiz*, *fizera*) e ausencia de artigo en contrucións do tipo *en casa* (port. *em casa*).

Tamén é compartido o uso do pronome átono *te* (complemento directo e indirecto) co portuguê, característica que só se dá no galego do Baixo Miño pontevedrés, no galego de Zamora, nalgúns falas do leste de Ourense e nunha pequena área da variedade vianesa. Algunha variedade próxima á vianesa como é a frieiresa, da zona da Gudiña e A Mezquita, comparte máis trazos co portuguê, como é o uso das formas *collí*, *dixe*, sen a desinencia *-n* do galego común¹⁴. Na variedade zamorana dáse a

¹⁴ Trato estes aspectos de xeito máis amplo noutro traballo (Álvarez Pousa 2017 b), onde analizo os trazos comúns da variedade vianesa e a frieiresa-portelá, próxima ás Terras de Trás-os-Montes, co portuguê.

confusión nos ditongos *oi / ou*: *dois / dous* e en Hermisende rexístranse pegadas das sibilantes sonoras /z/ de *casa* e /ʒ/ de *gente*. O uso das formas verbais *ouvo, ouvas, ouva* (v. *ouvir*) é tamén un trazo común desta área, que se reflicte no trasmontano e que contrastaría co portugués común nalgumas persoas (*ouço / oiço, ouça / oiça ...*).

10 – Conclusión

A microsubárea O Bolo-Viana presenta en xeral os trazos do bloque oriental xa documentados por Fernández Rei (1990), agás nos plurais en *-l* onde ofrecen a variante en *-les*, de uso maioritario, amais de en *-is*; a presenza do teísmo e a alternancia nas formas *muíto / muto*. Como distintivo fonético principal destacan a palatalización do *a* átono e o rotacismo. O léxico resulta de vital importancia xa que moitas das formas compiladas por Prieto (1973), seguen sendo de uso común.

O cambio lingüístico reflíctese nas xeracións máis baixas a través do uso de formas actuais como *trouxen* ou *ningunha* fronte ás máis conservadoras *trouguen* e *ningunha / ningúa*. Varios trazos lingüísticos nos diferentes planos son compartidos coa área zamorana, zona próxima de fala galega, e dado o emparentamento do galego e o portugués, e a continuidade do portugués no galego oriental, a variedade tamén rexistra afinidades parellas coa lingua irmá, no eido da fonética e da morfosintaxe, principalmente. Esta relación entre ambas as linguas foi obxecto de interese para diversos estudosos.

REFERENCIAS

- AGO = Arquivo do Galego Oral (<http://www.ilg.usc.gal/ago/>) [Última consulta: 17/03/2017].
- Aitchison, J. 1993. *El cambio en las lenguas: ¿progreso o decadencia?*. Barcelona: Ariel Lingüística.
- Álvarez Pousa, C. 2007. *Consideracións sobre a fala do Concello de Viana do Bolo (Descrición e textos)*. Traballo de Investigación Tutelado inédito. Vigo: Universidade de Vigo.

- Álvarez Pousa, C. 2017 a. “A variación lingüística galega en textos orais do Concello de Viana do Bolo”. In M. Negro Romero / R. Álvarez / E. Moscoso (eds.), *Gallaecia. Estudos de lingüística portuguesa e galega*. Universidade de Santiago de Compostela, 2017. ISBN 978-84-16954-41-4, pp. 803-823. Disponible en <http://dx.doi.org/10.15304/cc.2017.1080.46> [último acceso: 12/02/2018].
- Álvarez Pousa, C. 2017 b. “As variedades vianesa e a frieiresa-portelá do galego oriental e as súas afinidades co portugués”. *Limite* n.º11. 2, 79-108, ISSN 1888-4067.
- Álvarez Pousa, C. 2018. “Laureano Prieto, mestre da vida e da cultura popular da Terra vianesa”, *A Trabe de Ouro. Revista galega de pensamento crítico* n.º 107, 43-66.
- Cintra, Luís F. Lindley (1964-1971): “Nova proposta de classificação dos dialetos galego-portugueses”. Lisboa: *Boletim de Filologia*, XIII, 81-116. Centro de Estudos Filológicos. Consultado o 20 de marzo de 2017 na web <http://cvc.instituto-camoes.pt/hlp/biblioteca/novaproposta.pdf>.
- Fernández Rei, F. 1990. *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Fernández Rei, F.; Hermida Gulías, C. 2003. *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da cultura galega, Arquivo Sonoro de Galicia. (<http://www.consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php>) [última consulta: 17/03/2017].
- Freixeiro Mato, X. R. 2006. *Gramática da lingua galega. Fonética e fonoloxía*. Vol. I. Vigo: A Nosa Terra.
- IGE = Instituto Galego de Estatística (<http://www.ige.eu/>). [Última consulta: 17/03/2017].
- Maia, C. de Azevedo 2002. *O galego visto pelos filólogos e linguistas portugueses*. Lisboa: Colibri / Cátedra de Estudos Galegos da Universidade de Lisboa.
- Prieto Rodríguez, L. 1958. *Contos Vianeses*. Vigo: Galaxia.
- Prieto Rodríguez, L. 1973. *Notas en col da fala vianesa*. Separata do Tomo III do *Boletín Auriense*. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial, 1-27.
- Raposo, E. B. Paiva; Nascimento, M. F. Bacelar do; Mota, M. A. Coelho da; Segura, L.; Mendes, A. 2013. *Gramática do português (vol. I)*. Lisboa, Fundação Calouste Gulbekian.
- Rodríguez Neira, M. A. 1991. “Outra contribución á cuantificación do cambio lingüístico en Galicia”, in M. Brea; F. Fernández Rei (coords.): *Homenaxe*

ó profesor Constantino García, vol. II. Santiago de Compostela: USC, 179-194.

Santos, M. J. de Moura. 1967. *Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes*. Separata da *Revista portuguesa de filologia*. Vols. XII, tomo II, XIII e XIV. Coimbra: Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra. Instituto de Estudos Românicos.

Vasconcelos, J. Leite de (1970²): *Esquisse d'une dialectologie portugaise (com aditamentos e correções do autor, preparada com base no exemplar conservado no Museu Etnológico "Dr. Leite de Vasconcellos", por M^a Adelaide Valle Cintra)*, Lisboa: Centro de Estudos Filológicos. (Disponível en liña: <http://purl.pt/160> [última consulta: 27/03/2017]).

